



TURISMO
DE
GALICIA

galicia

CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Datos provinciais
Febreiro 2024

PROVINCIA DE A CORUÑA

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 24/23	Nº	Var. Int. 24/23	Nº	Var. Int. 24/23	%	Var. Int. 24/23
HOTEIS	82.985	4,1%	147.459	4,5%	1,78	0,5%	34,18%	1,33
PENSIÓNS	17.872	11,3%	34.242	4,8%	1,92	-5,9%	20,71%	2,47
ESTAB. HOTELEIROS	100.858	5,3%	181.701	4,6%	1,80	-0,7%	30,46%	1,90
APTOS. TURÍSTICOS	5.299	-0,7%	11.038	-6,2%	2,08	-5,5%	15,66%	-1,88
CAMPINGS	1.002	31,5%	1.373	12,1%	1,37	-14,8%	4,90%	0,01
TURISMO RURAL	1.478	66,1%	2.052	53,7%	1,39	-7,4%	7,99%	2,61
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	7.779	11,3%	14.463	1,0%	1,86	-9,3%	-	-
TOTAL	108.637	5,7%	196.164	4,3%	1,81	-1,3%	-	-

- Na provincia de A Coruña rexístranse neste mes de febreiro 109 mil viaxeiros aloxados e algo máis de 196 mil pernoctacións no conxunto da oferta de aloxamento, cifras que superan os datos do pasado ano -nun 5,7% a cifra de viaxeiros e nun 4,3% o volume de noites- para situarse tamén por encima dos niveis de 2019, anteriores á pandemia. En concreto supéranse nun 21% o volume de noites de hai cinco anos.
- Con este incremento A Coruña consolida e reforza a dinámica positiva observada nos últimos meses.
- Co 49% do total da comunidade A Coruña é a provincia de maior peso en Galicia no mes de febreiro. Tal circunstancia é habitual na nosa comunidade sobre todo nos meses de temporada baixa -coa excepción do pasado mes de decembro de 2023 cando puntualmente Pontevedra se situou como a provincia de maior volume e peso en Galicia-. Mantén, ademais, o peso rexistrado en xaneiro.
- O bo comportamento da demanda na provincia de A Coruña vén como consecuencia dos incrementos rexistrados en practicamente todas as tipoloxías de aloxamento, con diversa intensidade. Así o volume de noites sobe de forma notable nos cámpings -nun 12%- e no segmento de turismo rural -nun 54%- e, pola contra, de modo máis suave no ámbito hoteleiro -nun 5% tanto hoteis coma pensións-. Marcan a excepción os apartamentos turísticos que neste mes rexistran unha perda do 6%. Mantense a grandes trazos a dinámica observada no pasado mes de xaneiro.
- A Coruña é única provincia con comportamento positivo no ámbito do turismo rural, con ademais dous meses consecutivos de crecemento da demanda neste segmento do aloxamento.



- En A Coruña o 93% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 75% nos hoteis e un 18% nas pensións-. O 7% restante repártese entre os apartamentos turísticos, os cámpings e os establecementos de turismo rural –con maior volume e peso para os primeiros-. Esta distribución é propia dun período de temporada baixa e cambia en relación á observada no verán, con notable peso do segmento hoteleiro, sobre todo dos hoteis –que absorben tres de cada catro noites totais-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase que o 78% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional, porcentaxe que inclúe ao mercado interno, dos residentes en Galicia –supón o 29%- e ao receptor nacional, españois que proceden doutras comunidades autónomas –segmento maioritario que representa o 49% do total da demanda-. É o cuarto mes consecutivo no que o turismo receptor nacional lidera o mercado hoteleiro na comunidade. O 22% restante corresponde ao turismo internacional.
- Neste ámbito concreto apréciase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado, con variacións en todo caso de baixa intensidade. Así, neste mes increméntase o turismo de ámbito nacional –nun 5% o interno e nun 7% o que procede do resto do Estado- e descende, en cambio, o internacional –de forma suave, nun 2% neste caso-.
- Por terceiro mes consecutivo obsérvase un comportamento non positivo do turismo internacional en A Coruña, rompendo puntualmente a serie de crecementos consecutivos desde a pandemia. O descenso en termos interanuais é moi suave, pouco perceptible, de aí que o nivel de demanda se manteña nas 40 mil noites só no ámbito hoteleiro.
- A Coruña é a provincia con menor peso do mercado interno e en paralelo a que presenta maior cuota do mercado internacional –a pesar de ser a única na que este segmento ten un comportamento negativo neste mes-. Absorbe boa parte do turismo estranxeiro en Galicia –o 54% das noites internacionais computan nesta provincia-.
- No ámbito dos apartamentos turísticos obsérvase un comportamento algo diferente a nivel de mercados. Así, neste mes descende o turismo de ámbito nacional –nun 8%, segmento maioritario que supón o 79% das noites- e mantense estable, en cambio, o turismo internacional.
- Con 1,8 noites de estadía media a provincia de A Coruña sitúase neste mes no contorno do valor medio do conxunto da comunidade, manténdose relativamente estable en relación ao pasado ano. É a segunda cifra máis alta de todas as provincias galegas.
- Os apartamentos turísticos –con 2,1 noites de media- rexistran os valores máis elevados de toda a oferta de aloxamento. As restantes modalidades fican por debaixo das dúas noites –con 1,9 noites as pensións, preto de 1,8 noites os hoteis e 1,4 noites os cámpings e os aloxamentos de turismo rural-.
- En termos comparativos as pensións e os aloxamentos de turismo rural rexistran en A Coruña o nivel máis baixo de estadía media.
- En termos de ocupación obsérvase unha evolución parella ao observado do lado da demanda, con pequenos matices. Así, sobe e mellora a porcentaxe do pasado en tres modalidades –en máis de dous puntos nas pensións e no segmento de turismo rural, e en algo máis dun punto nos hoteis-, como consecuencia do bo comportamento da demanda, mantense estable nos cámpings –por unha



evolución parella da oferta e da demanda- e descende unicamente nos apartamentos turísticos -preto de dous puntos por mor do descenso do volume de noites-.

- Os hoteis rexistran neste mes a cifra de ocupación máis alta cun 34,2% de media. No lado contrario a porcentaxe máis baixa cae do lado dos cámpings, cun 4,9% de media neste caso.
- Os hoteis e as pensións rexistran en A Coruña o nivel de ocupación máis alto de toda Galicia. Os cámpings, en cambio, presenta a cifra máis baixa.

PROVINCIA DE LUGO

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 24/23	Nº	Var. Int. 24/23	Nº	Var. Int. 24/23	%	Var. Int. 24/23
HOTEIS	19.293	-1,8%	34.234	5,9%	1,77	7,9%	25,46%	-0,54
PENSIÓNS	4.238	25,4%	10.460	22,3%	2,47	-2,5%	13,14%	1,43
ESTAB. HOTELEIROS	23.531	2,2%	44.694	9,3%	1,90	7,0%	20,87%	0,17
APTOS. TURÍSTICOS	2.099	22,1%	8.985	36,2%	4,28	11,5%	18,34%	4,97
TURISMO RURAL	859	2,6%	1.217	-10,6%	1,42	-12,9%	4,09%	-1,02
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	2.958	15,7%	10.202	28,2%	3,45	10,7%	-	-
TOTAL	26.489	3,5%	54.896	12,4%	2,07	8,6%	-	-

- O INE non ofrece datos de cámpings para a provincia de Lugo. Neste caso o balance global da demanda turística realízase sobre as catro tipoloxías restantes: hoteis, pensións, apartamentos turísticos e establecementos de turismo rural.
- En Lugo rexístranse neste mes de febreiro máis de 26 mil viaxeiros aloxados e 55 mil pernoctacións no conxunto da oferta de aloxamento considerada, cifras que superan os niveis do pasado ano -nun 3,5% a cifra de viaxeiros e nun 12,4% o volume de noites-. Esta dinámica permite á provincia situarse tamén por encima dos niveis previos á pandemia, de 2019 -nun 15% neste caso-.
- Lugo é a provincia de mellor comportamento da demanda neste segundo mes de 2024 -presenta o incremento de maior intensidade-.
- O 81% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro -un 62% nos hoteis e un 19% nas pensións-. O 19% restante repártese entre os apartamentos turísticos -co 16%- e os establecementos de turismo rural -co 3% neste caso-. Esta distribución correspóndese en realidade cun mes de temporada baixa, cun peso relativo inferior do segmento non hoteleiro fronte ao que se observa no verán.
- O comportamento da demanda varía en relación ás tipoloxías de aloxamento. Así o volume de noites increméntase no segmento hoteleiro -un 6% nos hoteis e un 22% nas pensións- así como nos apartamentos turísticos -un 36%- mentres que descende unicamente nos aloxamentos de turismo rural -nun 11% neste caso-, xustamente na tipoloxía de menor peso.
- Lugo é a provincia con mellor comportamento nas pensións e nos apartamentos turísticos -presenta en ambas o incremento de maior intensidade-.

- Con datos do sector hoteleiro -que presenta unha dinámica global positiva- apréciase neste mes un comportamento parello dos tres grandes segmentos de mercado. Neste sentido increméntase tanto o turismo de ámbito nacional -nun 8% o interno e nun 3% o que procede do resto do Estado- como o internacional -nun 45% neste caso-.
- Neste sentido Lugo é a única provincia con comportamento positivo dos tres grandes segmentos de mercado, e tamén a que presenta maiores taxas de crecemento en dous deles -o turismo interno e sobre todo o internacional-.
- O comportamento dos diferentes mercados leva a pequenos cambios na estrutura da demanda en Lugo en relación ao pasado ano, perdendo peso o mercado receptor nacional -en preto de tres puntos-, manténdose estable o interno e gañando peso, en paralelo, o internacional -en algo máis de tres puntos neste caso-.
- Por segunda vez consecutiva nos últimos meses o mercado interno sitúase como o segmento de maior volume e peso na provincia, absorbendo o 45% do total das noites hoteleiras. O receptor nacional supón o 42% ficando o 13% restante para o internacional. Neste punto, e a pesar do crecemento observado agora en febreiro, o turismo estranxeiro continúa a ter un baixo peso en Lugo -en realidade o máis baixo das catro provincias galegas-.
- No ámbito dos apartamentos turísticos tamén se observa un comportamento positivo dos dous grandes segmentos de mercado, con subas do 34% para o nacional -supón o 76% das noites- e do 45% para o internacional.
- A estadía media en Lugo increméntase en relación ao pasado ano -nun 9%- situándose en 2,1 noites -a cifra máis elevada de todas as provincias galegas-.
- Con 4,3 noites de media os apartamentos turísticos rexistran a cifra máis alta da oferta de aloxamento na provincia. Marcan distancia respecto das restantes tres modalidades que presentan valores dispares -con 2,5 noites nas pensións, 1,8 noites nos hoteis e 1,4 noites nos aloxamento de turismo rural-.
- Unha tipoloxía marca en Lugo o valor da estadía media máis alto de todas as provincias neste mes de febreiro: é o caso dos apartamentos turísticos. Tal circunstancia acontecera xa nos últimos dous meses.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento variable neste mes. Así, increméntase en dúas tipoloxías -en cinco puntos nos apartamentos turísticos e en algo máis dun punto nas pensións, como consecuencia en ambas da dinámica positiva do lado da demanda-, mantense relativamente estable nos hoteis -por un crecemento da oferta similar ao do número de noites- e descende unicamente no segmento de turismo rural -nun punto neste caso por un comportamento negativo da demanda-.
- Os hoteis marcan a porcentaxe de ocupación máis alta neste segundo mes do ano, cun 25,5% de media. No lado contrario a cifra máis baixa queda no aloxamento de turismo rural, cun 4,1% neste caso. Os hoteis e os aloxamentos de turismo rural rexistran en Lugo o nivel de ocupación máis baixo de toda a comunidade.

PROVINCIA DE OURENSE

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 24/23	Nº	Var. Int. 24/23	Nº	Var. Int. 24/23	%	Var. Int. 24/23
HOTEIS	19.938	4,1%	33.382	4,7%	1,67	0,6%	29,11%	-0,72
PENSIÓNS	2.185	-36,1%	4.506	-44,6%	2,06	-13,3%	12,36%	-6,83
ESTAB. HOTELEIROS	22.123	-2,0%	37.887	-5,3%	1,71	-3,4%	25,07%	-1,74
APTOS. TURÍSTICOS	1.086	6,7%	2.143	3,1%	1,97	-3,3%	19,84%	2,13
TURISMO RURAL	1.510	-23,2%	2.202	-22,8%	1,46	0,5%	11,61%	-3,22
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	2.596	-13,0%	4.345	-11,9%	1,67	1,3%	-	-
TOTAL	24.719	-3,3%	42.232	-6,0%	1,71	-2,8%	-	-

- O INE non ofrece tampouco datos de cámpings para a provincia de Ourense. Neste caso o balance global da demanda turística realízase sobre as catro tipoloxías restantes: hoteis, pensións, apartamentos turísticos e aloxamentos de turismo rural.
- Ourense presenta neste mes un comportamento diferente ao observado nas restantes provincias. Neste sentido, o nivel de demanda descende un 6,0% -volumen de noites- como consecuencia dunha caída da cifra de viaxeiros aloxados -do 3,3%- nun contexto de empeoramento da estadía media.
- Con preto de 25 mil viaxeiros aloxados e algo máis de 42 mil noites Ourense absorbe o 10,5% do total da demanda de Galicia. Neste sentido é a provincia de menor volume e peso neste mes de febreiro.
- En Ourense o 90% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro -un 79% nos hoteis e un 11% nas pensións-. O 10% restante corresponde ao segmento extrahoteleiro, cun peso similar para os apartamentos turísticos e os aloxamentos de turismo rural -ambos representan o 5% do total neste caso-.
- O reparto da demanda entre as diferentes tipoloxías mantense relativamente estable en relación ao observado nos últimos meses, consolidándose o forte peso do segmento hoteleiro -oito de cada dez noites en Ourense corresponden só aos hoteis-.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento dispar a nivel das diferentes tipoloxías. Neste sentido increméntase o nivel de demanda nos hoteis -un 5%- así como nos apartamentos turísticos -un 3%- e descende, en cambio, nas pensións -un 45%- e nos aloxamentos de turismo rural -un 23% neste caso-.

- Ourense é a única provincia con comportamento negativo das pensións, rexistrando ademais un descenso de notable intensidade.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado, cunha dinámica diferente á das restantes provincias. Neste sentido en febreiro increméntase unicamente o turismo internacional -un 15%- en contraposición os descensos observados tanto no mercado interno -do 16%- coma no receptor nacional -do 1% neste caso-. Neste sentido Ourense é a única provincia con comportamento negativo do segmento dos españois residentes fóra de Galicia.
- Con esta dinámica a estrutura do mercado hoteleiro na provincia fica cun notable peso do turismo de ámbito nacional -co 42% das noites para os residentes en Galicia e co 38% para os que proceden do resto do Estado-, quedando reducido ao 20% o peso do segmento internacional na provincia.
- Neste sentido Ourense é a provincia con menor peso do mercado receptor nacional dentro da estrutura da demanda hoteleira. Dita estrutura cambia en relación ao pasado ano -como consecuencia das variacións dispares- diminuíndo o peso do turismo interno -en cinco puntos ata marcar un mínimo da serie histórica- e incrementándose en paralelo o receptor -en algo máis dun punto aquel de orixe nacional e en máis de tres puntos o internacional-.
- No ámbito dos apartamentos turísticos obsérvase igualmente un comportamento dispar a nivel de mercados. Así descende o turismo de ámbito nacional -nun 4%, segmento maioritario na provincia- e increméntase en paralelo o internacional -nun 80% neste caso-.
- A estadía media en Ourense sitúase en 1,7 noites, a cifra máis baixa das provincias galegas. Descende un 3% en relación ao dato do pasado ano para situarse tamén por debaixo do valor previo á pandemia.
- Con 2,1 noites de media as pensións marcan neste mes o valor máis elevado da oferta de aloxamento. As restantes modalidades fican ben nas dúas noites -caso dos apartamentos turísticos- ou ben por debaixo desta cifra -con 1,7 noites os hoteis e 1,5 noites os aloxamentos de turismo rural-.
- Os hoteis e os apartamentos turísticos rexistran en Ourense a cifra de estadía media máis baixa de todas as provincias.
- A dinámica dos niveis de ocupación é variable neste mes. Así mellora unicamente nos apartamentos turísticos -en dous puntos, grazas ao bo comportamento da demanda-, mantense relativamente estable nos hoteis e cae nas pensións -en case sete puntos- e nos aloxamentos de turismo rural -en tres puntos neste caso-.
- Cun 29,1% de media os hoteis rexistran a cifra de ocupación máis elevada da oferta de aloxamento na provincia de Ourense. As restantes tres tipoloxías presentan unha porcentaxe inferior, do contorno do 20% os apartamentos turísticos e arredor do 12% as pensións e os aloxamentos de turismo rural-.
- Os apartamentos turísticos e os aloxamentos de turismo rural rexistran en Ourense o nivel de ocupación máis elevado de toda a comunidade.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 24/23	Nº	Var. Int. 24/23	Nº	Var. Int. 24/23	%	Var. Int. 24/23
HOTEIS	53.460	-0,4%	93.223	2,7%	1,74	3,1%	27,42%	-1,50
PENSIÓNS	2.395	52,1%	6.843	13,3%	2,86	-25,5%	11,33%	-1,76
ESTAB. HOTELEIROS	55.855	1,1%	100.066	3,3%	1,79	2,2%	24,98%	-1,90
APTOS. TURÍSTICOS	1.405	-9,2%	5.657	-21,4%	4,03	-13,4%	7,41%	-5,40
CAMPINGS	2.400	939,0%	3.208	718,4%	1,34	-21,2%	13,77%	9,56
TURISMO RURAL	750	-10,6%	1.225	-26,3%	1,63	-17,6%	4,20%	-0,65
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	4.555	74,1%	10.090	9,1%	2,22	-37,3%	-	-
TOTAL	60.410	4,4%	110.156	3,8%	1,82	-0,5%	-	-


- O comportamento global da demanda turística en Pontevedra aseméllase ao observado nas provincias do norte da comunidade. Neste sentido presenta unha dinámica positiva, cun incremento global tanto da cifra de viaxeiros aloxados -do 4,4%- coma do volume de noites -do 3,8%- en relación ao pasado ano. Tal circunstancia leva ao conxunto dos aloxamentos turísticos da provincia a situarse tamén por encima dos niveis de 2019 -nun 4,4% neste caso-.
- Desta maneira o volume global de demanda fica en pouco máis de 110 mil noites, o 27% do total da comunidade. Neste sentido Pontevedra sitúase novamente como a segunda provincia de maior peso en Galicia -lideraba o turismo na comunidade no verán e en setembro-.
- O comportamento positivo da demanda na provincia vén como consecuencia dos incrementos rexistrados no ámbito hoteleiro -con subas do 3% nos hoteis e do 13% nas pensións- e nos cámpings -que multiplican por oito o volume de noites do pasado ano, dato que manifesta unha elevada intensidade pero que ten pouco impacto pois afecta a un volume moi baixo de demanda, con 3.200 noites-. Contrasta isto coas caídas rexistradas nas dúas restantes tipoloxías: do 21% nos apartamentos turísticos e do 26% nos aloxamentos de turismo rural.
- A nivel interno obsérvase que o 91% da demanda corresponde aos establecementos hoteleiros, cifra que engloba aos hoteis – absorben o 85%- e ás pensións –co 6% neste caso-. O 9% restante concéntrase en tres modalidades cun peso superior para os

apartamentos turísticos -absorben o 5% do total- fronte aos cámpings e aos aloxamentos de turismo rural -que representan o 3% e 1% respectivamente-.


- Con isto oito de cada dez noites rexístranse nunha soa modalidade -os hoteis-, de aí que o seu comportamento teña unha notable influencia na dinámica global. Así, Pontevedra é a provincia con maior peso dos hoteis e menor peso das pensións e aloxamentos de turismo rural neste segundo mes do ano.
- A nivel de mercados, dentro do ámbito hoteleiro, rexístrase un comportamento algo diferente ao observado nas restantes provincias. En concreto, descende neste mes o turismo interno -nun 15%- e increméntase, en cambio, o mercado receptor, nun 22% aquel que procede do resto do Estado -a porcentaxe máis elevada de todas as provincias- e nun 9% o estranxeiro.
- O descenso da demanda interna provoca que este segmento perda peso na estrutura global no ámbito hoteleiro, en case oito puntos porcentuais, cifra que gaña o turismo receptor -en sete puntos o que procede do resto do Estado e en algo máis dun punto o internacional-.
- Así, o segmento de maior peso na provincia é o receptor nacional -españóis procedentes doutras comunidades autónomas-, que supoñen o 44% do total da demanda hoteleira. O mercado interno representa o 35% ficando o 21% restante para o internacional.
- No lado dos apartamentos turísticos, segmento no que o turismo nacional supón o 60% do total das noites, o comportamento dos dous segmentos de mercado é parello. Descende aquel de ámbito nacional -nun 24%- e o internacional -nun 17% neste caso-.
- A estadía media nos aloxamentos colectivos de Pontevedra sitúase en 1,8 noites, cifra que apenas varía en relación ao pasado ano se ben mantense aínda por debaixo do valor de 2019.
- Neste contexto a estadía media varía segundo a modalidade de aloxamento. En particular, acada as catro noites nos apartamentos turísticos, sitúase en 2,9 noites nas pensións e baixa a menos de dúas noites nas restantes tipoloxías: con 1,7 noites nos hoteis, 1,6 noites nos aloxamentos de turismo rural e 1,3 noites nos cámpings.
- En termos de ocupación obsérvase neste mes un comportamento algo variable. En síntese sobe e mellora o dato do pasado ano unicamente nos cámpings -en máis de nove puntos porcentuais-, mantense estable no segmento de turismo rural e descende nas restantes tres tipoloxías -en máis de cinco puntos nos apartamentos turísticos por unha caída da demanda, e en preto de dous puntos nos hoteis e pensións como consecuencia dun incremento das prazas ofertadas superior ao do volume de noites-.
- Tamén en Pontevedra os hoteis rexistran o nivel de ocupación máis alto da oferta colectiva cun 27,4% de media neste mes de febreiro. No lado contrario, a porcentaxe máis baixa sitúase no aloxamento extrahoteleiro e concretamente no segmento de turismo rural, cun 4,2% de media.
- Dúas tipoloxías -as pensións e os apartamentos turísticos- rexistran en Pontevedra a porcentaxe de ocupación máis baixa de todas as provincias.




Reparto da demanda turística nos alox. colectivos. Noites febreiro 2024



Variación da demanda turística nos alox. colectivos. Noites febreiro 2024/23



Reparto da demanda por tipoloxías, en cada provincia. Noites febreiro 2024



Estadía media, por tipoloxía e provincia. Febreiro 2024

